

Plan de prevención e control sanitario fronte á
COVID-19 para o curso 2020-2021 do edificio
Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte

Contido

1.	Introdución.	3
2.	Identificación do Edificio/centro	3
3.	Principios básicos para a prevención da transmisión.	4
4.	Medidas de actuación para o persoal que presenta síntomas e para o persoal sensible.	4
5.	Medidas de implementación dos criterios de prevención na Universidade de Vigo. Escenario normalidade adaptada	6
5.1	Acceso e desprazamentos polos centros e zonas comúns.	6
5.2	Espazos de traballo para a actividade docente	8
5.3	Espazos de traballo para a actividade investigadora	11
5.4	Espazos de traballo para a actividade administrativa	12
5.5	Despachos	13
5.6	Salóns de actos e salas de reunións	13
5.7	Salas ou zonas de descanso	14
5.8	Conserxarías	14
5.9	Instalacións deportivas e pavillóns univeristarios	15
5.10	Xestión do correo e da paquetería. Medios de transporte propiedade da universidade	16
5.11	Prácticas de campo ou mostraxe (saídas para recollida de mostras)	17
5.12	Congresos, conferencias, encontros	18
5.13	Prácticas académicas externas, intercambios internacionais	18
5.14	Limpeza e desinfección	18
5.15	Ventilación	18
5.16	Coordinación de actividades empresariais	18
6.	Medidas de implementación dos criterios de prevención na Universidade de Vigo. Escenario 2: Peche de algún centro ou confinamento	19
7.	Referencias normativas e bibliográficas	19

1.-Introdución.

O Universidade de Vigo, atendendo á seguridade sanitaria da Comunidade Universitaria e seguindo as recomendacións do Ministerio de Sanidad, Ministerio de Universidades, Consellería de Sanidade e Secretaria Xeral de Universidades, establece un plan de prevención e control sanitario fronte á COVID-19 para o curso 2020-2021 na Universidade de Vigo que ten por obxecto dar a coñecer a información técnica e operativa sobre as medidas de prevención e hixiene fronte ao SARS-Cov-2, durante a actividade do vindeiro curso 2020-2021, na Universidade de Vigo.

Deste xeito é preciso establecer uns requisitos mínimos que garantan a calidade da docencia e da investigación na Universidade de Vigo así como definir unha serie de medidas de prevención e control que permitan garantir a seguridade tanto do persoal traballador da Universidade como do alumnado.

As medidas do plan xeral da Universidade integranse no plan de prevención e control sanitario fronte á COVID-19 para o curso 2020-2021 do edificio da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte Será de aplicación a todo o persoal traballador así como ao alumnado do edificio da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte.

Este documento actualizarase en función da información emitida polos organismos competentes.

En función da evolución da pandemia a Universidade de Vigo contempla dous escenarios posibles para o desenvolvemento da actividade no curso 2020-2021:

- Escenario 1: Normalidade adaptada
- Escenario 2: Peche dalgún centro ou confinamento

Escenario 1: Normalidade adaptada

Escenario no que a actividade presencial pode verse diminuída como consecuencia das medidas sanitarias que poden limitar o aforo tanto nas aulas como outros espazos de traballo. Inflúe na organización da actividade docente e na dos distintos Servizos do edificio da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte.

Escenario 2: Peche de algún centro ou confinamento

Establecerase como consecuencia da aparición de casos de COVID-19 nun centro que poda implicar o peche do mesmo ou porque as autoridades sanitarias impoñen limitacións severas de mobilidade ou medidas de confinamento masivo da poboación como consecuencia dun rebrote da pandemia.

En base á experiencia acumulada da situación vivida no curso 2019-2020, terase previsto:

- O persoal cuxa actividade presencial é esencial para o mantemento da actividade universitaria no edificio da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte.
- A organización do traballo non presencial tanto docente como dos restantes servizos do edificio da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte.

2.- Identificación do Edificio/centro

Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte

Campus a Xunqueira s/n, Pontevedra

Campus a Xunqueira

Código Postal: 36005

Aforo máximo do edificio/centro: 975 Aforo COVID-19: 274

3.-Principios básicos para a prevención da transmisión.

En tanto non exista profilaxe ou un tratamento eficaz, a mellor maneira de previr a enfermidade é evitar o contacto entre persoas e cumprir coas medidas de hixiene e limpeza e apelar sempre á responsabilidade individual e colectiva para evitar a transmisión.

É imprescindible reforzar as medidas de hixiene persoal en todos os ámbitos de traballo e fronte a calquera escenario de exposición. En particular, destácanse as seguintes medidas:

- Lavarase as mans frecuentemente con auga e xabón durante un mínimo de 40 segundos. A hixiene de mans é a medida principal de prevención e control da infección.
- Etiqueta respiratoria:
 - No caso de tusir e/ou espirrar, taparse cun pano de papel e tiralo tras o seu uso. No caso de non ter un pano de papel, utilizarase a parte interna do cóbado para non contaminar as mans.
 - Evitarase tocar o nariz, a boca e os ollos, nin con luvas nin sen elas. As mans facilitan a transmisión.
 - Practicarase bos hábitos de hixiene respiratoria.
- Evitarase o contacto físico nos saúdos. Manterase o distanciamento físico de, polo menos, 1,5 metros.

A obriga de uso de máscara non será aplicable nos seguintes casos:

- a. Persoas que presenten algún tipo de enfermidade ou dificultade respiratoria, que se poida ver agravada polo uso de máscara ou que, pola súa situación de discapacidade ou dependencia, non dispoñan de autonomía para quitala ou ben presenten alteracións de conduta que fagan inviable a súa utilización.
- b. No caso da actividade física e deportiva en instalacións e centros deportivos, sempre que se poida garantir o mantemento da distancia de seguridade interpersoal en todo momento, exclusivamente durante a realización das actividades indicadas e tendo en conta o protocolo publicado para as instalacións correspondentes.
- c. En supostos de forza maior ou situación de necesidade ou cando, pola propia natureza das actividades, o uso da máscara resulte incompatible, conforme as indicacións das autoridades sanitarias.

Nestes casos será necesario adoptar medidas organizativas ou de protección como respectar sempre a distancia interpersoal como mínimo de 1,5 metros, usar pantalla facial, etc..

4.-Medidas de actuación para o persoal que presenta síntomas e para o persoal sensible.

Tanto o PDI, PAS, alumnado como o persoal de empresas externas afectado pola enfermidade COVID-19, que presente síntomas asociados a esta (tose, febre, dificultade para respirar, perda de olfacto e/ou do gusto, diarrea, dor de gorxa, dor muscular, dor de peito ou cansanzo xeneralizado), que se lles diagnosticara a enfermidade e non finalizara o período de illamento requirido, ou que estea en corentena por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19 nos últimos 14 días, non poderá acudir ao edificio da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte e terá que comunicalo á persoa ou persoas do edificio da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte encargadas dos aspectos relacionados coa COVID-19. Colocarase cartaces

á entrada do edificio da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte para advertir ás persoas asistentes que non accedan a este se están na situación descrita anteriormente.

Se durante a actividade do edificio da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte alguén presentase síntomas que puidesen estar asociados coa COVID-19, contactarase co decano **Vicente Romo Pérez telf 686552616**, que é a persoa do centro encargada dos aspectos relacionados coa COVID-19. Acompañarase á persoa afectada ao **SEMINARIO 4** no segundo andar do edificio da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte, facilitaráselle unha máscara cirúrxica a esa persoa e outra a quen a acompañe; avisarase á familia de que debe contactar co seu centro de saúde ou co teléfono de atención á COVID-19 (**900400116**). No caso de que estea nunha situación de gravidade ou teña dificultade para respirar **avisarase ao 112**. Non poderá volver á actividade presencial no edificio da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte ata que a súa situación médica sexa valorada por persoal sanitario cualificado.

No edificio da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte destinarase unha sala para dito fin (Seminario 4) que conta cunha ventá, máscaras cirúrxicas, luvas, solución alcohólica, papel e un cubo con tapa accionada por un pedal. A sala é o seminario 4, no segundo andar do edificio da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte

Os papeis ou toallas utilizados pola persoa con síntomas desbotarase nun cubo con tapa e apertura con pedal. Unha vez depositados nel os panos, as luvas, etc., extraerase a bolsa de plástico do cubo e introducirase nunha segunda bolsa con mecanismo de peche que se depositará a continuación no contedor coa fracción resto.

Ventilarase a sala indicada como mínimo durante 4 horas. A ventilación deberá ser tanto forzada como natural se fose posible deberá comezar, polo meno, 2 horas antes do inicio das tarefas de desinfección.

Seguidamente, farase unha limpeza e desinfección exhaustiva da zona; o persoal da empresa de limpeza que a realice estará informado e formado e utilizará máscara FFP2 e luvas que desbotarán ao rematar a tarefa. A persoa que coordina os traballos de limpeza e desinfección é Francisco Antonio Fernández Fernández

Protocolo de limpeza e desinfección da sala anteriormente citada: Ademáis do dito anteriormente, despois da atención dunha persoa con síntomas, incluír as reixas de impulsión e retorno de aire, extraer, limpar e desinfectar o filtro da unidade interior se houbera (fancois, split). Limparase e desinfectarase a unidade interior, no caso de existir, pulverizando unha solución desinfectante. Limparanse e desinfectaranse toda a sala, con especial atención ao solado, mesas e cadeiras. Utilizarase unha solución desinfectante virucida autorizada polo Ministerio de Sanidade.

O Servizo de Prevención de Riscos redactou o documento “Protocolo de actuación ante a aparición dun caso sospeitoso de COVID-19” coas indicacións normativas que se deberán aplicar en todos os centros.

O persoal da Universidade que pertenza á poboación vulnerable para COVID-19 seguirá as indicacións do persoal sanitario do Servizo de Prevención da Universidade. Se algún ou algunha estudante fose vulnerable para COVID-19, seguirá as indicacións do seu profesional sanitario de referencia respecto ás medidas de prevención máis adecuadas.

O Servizo de Prevención de Riscos redactou o documento “Procedemento de valoración de grupos vulnerables da Universidade de Vigo” coas indicacións que marca a normativa vixente.

En cada centro a persoa que se encargará dos aspectos relacionados coa COVID-19 será o director/a, decano/a ou persoa/as en que delegue. A identidade de esta ou estas persoas, xa se comunicou ao persoal do centro así coma ao Servizo de Prevención de Riscos Laborais da Universidade.

5.-Medidas de implementación dos criterios de prevención na Universidade de Vigo. Escenario 1: normalidade adaptada

5.1 Acceso e desprazamentos polos centros e zonas comúns.

Daráselle prioridade á opción de mobilidade que mellor garanta a distancia interpersoal de 1,5 metros. Por esta razón, é preferible o transporte individual.

Ao acceder ao centro e ao saír, lóvanse as mans con auga e xabón como mínimo durante 40 segundos ou no seu defecto utilízase solución alcohólica. Está sinalizado á entrada e saída do centro. Terase en conta que cando as mans están visiblemente suxas as solucións alcohólicas non son suficientes, polo que é necesario usar auga e xabón.

As entradas e saídas deberan ser ordenadas e coa distancia interpersoal como mínimo de 1,5 metros. De forma xeral manterase esta distancia entre as persoas en todos os espazos dos centros da Universidade de Vigo. As zonas nas que non é posible manter a distancia mínima de 1.5 metros están sinalizadas cunha frecha vermella como sentido non preferente.

5.1.1. Portas

Respectarase a sinalización das portas. No centro hai sinalizadas unha porta de entrada e outra de saída.

No caso de emerxencia, utilízanse para a evacuación do edificio as saídas establecidas no Plan de Autoprotección sinalizadas para este fin.

Sempre que se poida, manteranse as portas abertas, evitando así tocar os pomos ou os pasadores.

5.1.2. Corredores e escaleiras

Respectarase os sentidos de circulación nos corredores e escaleiras en función das súas dimensións. No centro está sinalizadas con frechas verdes o sentido preferente dos desprazamentos.

Nos corredores e escaleiras onde o ancho permita manter a distancia de seguridade, pódese circular nos dous sentidos. Se están sinalizados os sentidos segúranse as indicacións; no caso contrario circularase sempre pola dereita. Nos corredores e escaleiras onde o ancho non permita manter a distancia de seguridade segúranse as indicacións da sinalización respectando o sentido que ten preferencia. En xeral, no centro no caso anteriormente citado mantense sinalizado un único sentido. Non se deben manter conversacións nos corredores ou nas zonas de tránsito.

Nas bancadas dos corredores, ocuparanse os asentos de maneira que se garanta a separación como mínimo de 1,5 metros. Sinalízanse os asentos que se poden utilizar.

Deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersoal. O uso da máscara será obrigatorio, aínda que se poida garantir a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros. Estará sinalizado na entrada dos centros. Terase en conta as persoas ás que non se lle aplica a obrigatoriedade do uso da máscara nos casos indicados no punto 3 Principios básicos para a prevención da transmisión.

5.1.3. Ascensores

O seu uso limitarase ao mínimo imprescindible e fomentárase o uso das escaleiras. Nos ascensores teñen prioridade de uso as persoas con problemas de mobilidade, persoal de limpeza e persoal que transporta cargas.

Cando sexa necesario utilízalos, a ocupación máxima será do 50% da súa capacidade e será obrigatorio o uso da máscara por parte das persoas ocupantes, aínda que se poida garantir a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros. Teranse en conta as persoas ás que non se lle aplica a obrigatoriedade do uso da máscara nos supostos indicados no punto 3 Principios básicos para a prevención da transmisión. Nestes casos a persoa que non poida usar a máscara utilizará o ascensor soa.

Para accionar a porta e os botóns do ascensor recoméndase o uso da man non dominante.

5.1.4. Aseos

Evitarase no posible tocar calquera superficie. Lavaranse coidadosamente as mans cada vez que se faga uso dos aseos. A descarga da cisterna farase coa tapa baixada.

Contarán con xabón, papel ou toallas que se poidan desbotar, así como cubos con tapa e apertura con pedal.

A ocupación máxima para o uso dos aseos será dunha persoa para espazos de ata catro metros cadrados. Para aseos de máis de catro metros cadrados, que contén con máis dunha cabina ou urinario, a ocupación máxima será do cincuenta por cento do número de cabinas e urinarios que teña a estancia, debendo manterse durante o seu uso unha distancia de seguridade de 1,5 metros. A ocupación máxima estará indicada á entrada dos aseos mediante un cartaz.

5.1.5. Fontes de auga, máquinas expendedoras e fotocopiadoras.

Os surtidores e fontes de auga anularanse.

Ao remate do uso das máquinas expendedoras e fotocopiadoras, as persoas usuarias limparán as superficies de contacto; para isto utilizarase papel ou toallas que se poidan desbotar e preparacións alcohólicas. Para accionar os botóns destas máquinas recoméndase o uso da man non dominante.

A empresa titular das máquinas expendedoras asegurará o cumprimento das adecuadas medidas de hixiene e desinfección daquelas.

5.1.6. Vestiarios.

A ocupación máxima para o uso dos vestiarios será dunha persoa para espazos de ata catro metros cadrados. No caso de persoas que precisen asistencia, permitirase tamén a súa utilización pola persoa acompañante.

Levarase a cabo a limpeza e desinfección das instalacións, prestando especial atención ás superficies de contacto máis frecuentes coma pomos das portas, bancos, perchas etc.,

5.2 Espazos de traballo para a actividade docente.

5.2.1. Aulas

Garantir que o número de estudantes na aula non supere a capacidade da mesma tendo en conta a separación de 1,5 metros entre ocupantes. Mentres as autoridades competentes non marquen un aforo máximo para as aulas, este non será en ningún caso superior a unha persoa por cada 2,5 metros cadrados. A distancia entre o profesor/a e o ou a estudante máis achegada debe ser como mínimo de 2 metros. No centro calculouse o aforo das aulas tendo en conta unha separación mínima interpersoal de 1.5 metros en todas direccións. O aforo está rotulado na entrada de cada aula.

Sempre que sexa posible, no correspondente á actividade presencial, estableceranse grupos de persoas pequenos e estables.

Non se compartirán obxectos persoais nin bolígrafos, lapis, papel, calculadoras, etc.

A indumentaria bolsos, mochilas, etc. colocaranse debaixo da cadeira.

Ao acceder á aula hanse lavar as mans con auga e xabón como mínimo durante 40 segundos ou utilizar as solucións alcohólicas dispoñibles nas aulas. Farase o mesmo ao rematar a sesión. Terase en conta que cando as mans estexan visiblemente suxas, as solucións alcohólicas non son suficientes polo que é necesario usar auga e xabón.

Estarán dispoñible,s na aula, panos ou papeis e desinfectantes con actividade virucida autorizados e rexistrados polo Ministerio de Sanidad para estudantes e profesorado que desexen utilizalos para a desinfección dos seus postos.

É obligatoria a utilización de máscara nas aulas, así como en todas as dependencias da Facultade, tanto para o profesorado coma para o estudiantado, así como para todo o persoal do centro ou persoas que accedan a él. Dita obrigatoriedade estará sinalizada na entrada dos centros e nas portas das aulas. Teranse en conta os supostos de persoas ás que non se lle aplica a obrigatoriedade do uso da máscara indicados no punto 3 Principios básicos para a prevención da transmisión

Recoméndase que o profesorado ao entrar na aula, ventile, se é posible, abrindo as ventás durante o tempo necesario para permitir a renovación do aire. Mínimo durante cinco minutos ou dez minutos se o espazo estaba ocupado previamente. Evitar correntes de aire. Estas recomendacións enviaráanse ao profesorado por correo electrónico e están rotuladas en cada aula.

Restrinxiranse as saídas e entradas ás imprescindibles e por quendas. Para evitar aglomeracións adoptar medidas organizativas, recomendase graduar o acceso e saídas, tanto do edificio como das aulas.

5.2.2. Laboratorios e talleres de docencia

Garantir que o número de estudantes no laboratorio ou taller non supere a capacidade do mesmo tendo en conta a separación de 1,5 metros entre os ocupantes. No centro se calculou o aforo dos laboratorios tendo en conta unha separación mínima interpersoal de 1.5 metros, O aforo está rotulado na entrada de cada laboratorio. Non se poderá intercambiar material nas sesións prácticas.

Nas prácticas experimentais os grupos deberán ser homoxéneos, é dicir, se existen 2 grupos concedidos con 36 estudantes, deberán ser repartirse en grupos de 18 asistentes e non 24 e 12, para unha mellor distribución na aula. Estes grupos deberán manterse ao longo de todas prácticas recomendándose que coincidan cos grupos de aula teórica.

Deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersonal. O uso da máscara será obrigatorio para todo o profesorado e alumnado, dentro e fóra dos centros, aínda que se poida garantir a distancia de seguridade interpersonal de 1,5 metros. Non se poderá quitar a máscara no laboratorio ou taller en ningún momento.

Recoméndase que nas prácticas experimentais os equipos sexan manipulados por unha soa persoa, mentres que o resto estará realizando outras tarefas.

Contemplaranse excepcións ao uso da máscara naquelas prácticas que pola súa natureza o esixan. A continuación, refírense algúns destas excepcións:

Nas prácticas nas que non se poida evitar o contacto físico entre os estudantes ou entre os estudantes e o profesorado, nas que debido ao esforzo físico requirido non se poida utilizar máscara. Por exemplo, algunhas prácticas do grao en Fisioterapia realizadas entre dous alumnos ou alumnas, con contacto físico e polo tanto sen posibilidade de gardar a distancia de seguridade, segundo os requirimentos da práctica, poderanse dar as seguintes situacións:

- Se so unha das persoas pode levar máscara, esta ten que ser FFP2. sen válvula, xa que o aire é exhalado directamente ao ambiente sen ningún tipo de retención.
- No caso de que ambas as persoas participantes poidan levar máscara, estas poden ser hixiénicas, aínda que pola proximidade recoméndase que sexan cirúrxicas.

Nestes casos, nos que a natureza da práctica non permita respectar a distancia interpersonal nin o uso de equipos de protección adecuados ao nivel de risco, coma nos casos anteriores, atenderase ás medidas de seguridade deseñadas para cada caso particular a partir das recomendacións das autoridades sanitarias.

Dita obrigatoriedade estará sinalizada na entrada dos centros e nas portas dos laboratorios e talleres. Teranse en conta os supostos das persoas ás que non se lle aplica a obrigatoriedade do uso da máscara indicados no punto 3 Principios básicos para a prevención da transmisión. As persoas ás que non se lle aplica a obriga do uso de máscara non poderán compartir equipos nin material, agás que se adopten medidas organizativas ou de protección como respectar sempre a distancia interpersonal como mínimo de 1,5 metros, usar pantalla facial, etc.

Aplicaranse as indicacións dos parágrafos anteriores sen esquecer os equipos de protección persoal (EPIs) necesarios para a realización das prácticas segundo o risco ao que estean expostos.

Terase en conta a compatibilidade dos materiais usados nas prácticas co material do que están feitas as máscaras ou outro material de protección.

Fomentarase a hixiene de mans de forma frecuente e meticolosa, durante polo menos 40 segundos con auga e xabón, como mínimo ao entrar e saír do laboratorio ou taller ou utilizar as solucións alcohólicas dispoñibles neles. Terase en conta que cando as mans teñen sucidade visible as solucións alcohólicas non son suficientes, polo que é necesario usar auga e xabón.

O alumnado cada día ao finalizar as prácticas limpará o seu posto e aqueles equipos e material utilizado, desinfectándoo con panos ou toallas humedecidas con desinfectantes con actividade virucida autorizados e rexistrados polo Ministerio de Sanidad, que terán dispoñibles no laboratorio

ou taller, a continuación lavarase as mans con auga e xabón. O profesorado responsable da práctica programará a limpeza e desinfección do material e equipamento da práctica. Esté protocolo é de obrigado cumprimento, dado que pode ser un foco de contaxio.

Será obriga do profesorado incluír no protocolo das prácticas a limpeza das mesmas por parte do estudantado ao finalizar a sesión e ao comezo da seguinte práctica.

Ao rematar a práctica, incluíndo a limpeza da mesma, porase un sinal como identificador que poderá ser adhesivo verde, un cartaz, etc. Se o equipo seguinte que vai a traballar nesa práctica non identifica o sinal, deberá limpar o equipo antes de iniciala.

Recoméndase ao profesorado que ao entrar no laboratorio ou taller, ventile, se é posible, abrindo as ventás durante o tempo necesario para permitir a renovación do aire. Mínimo durante cinco minutos se o espazo estaba ocupado previamente. Evitar correntes de aire.

Restrinxiranse as saídas e entradas ás imprescindibles e por quendas. Para evitar aglomeracións adoptar medidas organizativas, recomendase graduar o acceso e saídas, dos laboratorios e talleres.

5.2.3 Espazos singulares

Encadraranse neste apartado aqueles espazos que polas súas características teñan excepcións con respecto ás aulas, laboratorios e talleres. Entre outros, están os estudos de cine e televisión, o tatami de Judo, os ximnasiaos, as pistas de atletismo, as aulas de música, a piscina, o campo de fútbol, etc.. Mentres sexa posible cumpriran coas normas dos apartados anteriores, 4.2.1 Aulas e 4.2.2 Laboratorios de docencia, garantindo que o número de estudantes no espazo non supere a capacidade deste, tendo en conta a separación de 1,5 metros entre ocupantes e sendo obrigatorio o uso de máscara para todo o profesorado e alumnado, coas excepcións daquelas prácticas que pola súa natureza non o esixan.

Contemplanse excepcións ao uso da máscara. A continuación, refírense algúns destas excepcións: Prácticas en grupo como baloncesto, fútbol, etc., no grao en Ciencias da Actividade Física e do Deporte, cando debido ao esforzo físico non sexa posible o uso de máscara.

Nestes casos, nos que a natureza da práctica non permita respectar a distancia interpersonal nin o uso de equipos de protección adecuados ao nivel de risco, coma nos casos anteriores, atenderase ás medidas de seguridade deseñadas para cada caso particular a partir das recomendacións das autoridades sanitarias.

As e os estudantes procuraran non tocar a cara durante a realización da práctica e extremarán a hixiene persoal, sobre todo das mans, antes e ao finalizar a mesma.

Nos ximnasiaos e pistas de atletismo seguiranse as indicacións do apartado 4.10 Instalacións deportivas e pavillóns universitarios.

Recoméndase, ao profesorado, ter en conta o establecido, en cada momento, polas Federacións de cada deporte que se imparta no centro coas adaptacións oportunas ao ámbito docente universitario. Poderanse realizarse actividades docentes no ensino de estes deportes que non impliquen contacto físico nin compartir nin intercambiar material entre o alumnado, de maneira que permitan respectar as medidas de hixiene e prevención.

A Universidade non ten piscina propia, polo que a docencia na piscina cumprirá coas medidas hixiénicas e de distanciamento, así como aquelas que determine o titular da mesma. Seguirase o protocolo establecido, en cada momento, polo titular da instalación deportiva.

Na aula de música, tanto o persoal docente coma as e os estudantes, que non utilicen instrumentos de vento, deberán levar máscara durante toda a sesión. Estudantes e persoal docente de instrumentos de vento só quitarán a máscara no momento do uso do instrumento.

Recoméndase o uso de elementos como pantallas ou barreiras de separación, ademais deberase manter a distancia de seguridade durante a duración da sesión de aula, e evitarase situarse en posicións enfrontadas.

Limparanse e desinfectaranse con maior periodicidade o solado das aulas de instrumentos de vento. Os instrumentos musicais que compartan diferentes estudantes deberán ser desinfectados tras o seu uso por cada persoa usuaria.

Nas aulas de danza e baile deberá levarse a máscara durante toda a sesión e evitarase o contacto físico.

5.3 Espazos de traballo para a actividade investigadora

5.3.1 Laboratorios e talleres de investigación.

Garantir que o número de persoas investigadoras no laboratorio ou taller non supere a capacidade destes, tendo en conta a separación de 1,5 metros entre ocupantes.

Limitar o aforo máximo permitido mediante sinalización na porta do laboratorio ou taller.

En casos puntuais, nos que non se poida garantir a distancia mínima de seguridade, e só en casos puntuais, estableceranse medidas organizativas para que se poida levar a cabo a investigación, tales como a instalación de protección colectiva como pantallas (mínimo 2 metros de altura) para separar ao persoal investigador.

Deberán establecerse as medidas necesarias para manter a distancia de seguridade interpersoal. O uso da máscara será obrigatorio para todo o persoal dentro e fóra dos centros, aínda que se poida garantir a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros. Non se poderá quitar a máscara no laboratorio ou taller en ningún momento

Nos equipos como microscopios, lupas etc. recoméndase a utilización de máscaras cirúrxicas así como a súa limpeza e desinfección ao rematar a súa utilización.

Desinfecta todo o material unha vez finalizado o seu uso. Utilizar desinfectantes con actividade virucida autorizados e rexistrados polo Ministerio de Sanidad. Os equipos ou o material que non se poidan limpar con solucións desinfectantes, é preciso utilizar outros métodos de desinfección. Se é posible consulta ao provedor.

Como norma xeral, recoméndase o lavado de mans, polo menos unha vez cada hora, antes e despois de poñer as luvas e as máscaras, e á entrada e á saída do laboratorio.

Impedir o acceso ao interior do laboratorio ás persoas alleas ao mesmo.

Os laboratorios con autoservicio deberán seguir as seguintes recomendacións:

- Cada laboratorio establecerá o seu procedemento, no que indique claramente o seu funcionamento, tendo en conta as medidas de seguridade establecidas polo Ministerio de Sanidad.
- Potenciar a atención ás persoas usuarias por vía telefónica ou electrónica deixando o contacto presencial para cando sexa estritamente necesario.
- Sempre que sexa posible, será o persoal do laboratorio o que analice as mostras para evitar a utilización dos equipos por persoas usuarias, evitando tamén o contacto coas mesmas.
- Cando sexa imprescindible a atención presencial, atenderase previa cita e nun lugar establecido para este fin, que se desinfectará unha vez rematada a atención. Será obrigatorio o uso de máscara, aínda que se poida garantir a distancia de seguridade interpersonal de 1,5 metros. Informarase claramente ás persoas usuarias sobre as medidas organizativas e sobre a súa obriga de cooperar no seu cumprimento.

5.4 Espazos de traballo para a actividade administrativa

Deberanse establecer as medidas necesarias para manter a distancia de seguridade interpersonal de 1,5 metros entre os postos ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección como a instalación de protección colectiva como pantallas (mínimo 2 metros de altura) para separar ao persoal ou realización de quendas. O uso da máscara será obrigatorio tanto fóra coma dentro dos centros, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersonal

Nestes momentos, presta servizos administrativos unha única persona que está nun despacho. Dispón dunha mampara para atención ao estudantado. As consultas realizaranse preferentemente de forma virtual e, se tivesen que ser presenciais, realizaránse previa cita.

Non se excederá o aforo máximo que permita garantir o distanciamento social e establecerase a distancia de seguridade recomendada entre o persoal usuario. Poderá sinalizarse no chan.

Prestaranse os servizos preferentemente por vía telemática mediante solicitudes.

Cando sexa imprescindible a atención presencial ás persoas usuarias, atenderanse previa cita e desinfectaranse as superficies coas que tivesen contacto, unha vez rematada a consulta.

Evitarase a formación de filas e permanencias prolongadas en espazos pechados.

Na medida do posible, reducirase o intercambio de documentos en papel e substituirase por formatos electrónicos.

Sempre que sexa posible, organizarase a entrada de persoas por quendas, respectando a distancia de seguridade durante a espera.

A atención ao público farase a través da pantalla ou barreira colocada no mostrador ou, no seu defecto, gardarase a distancia de seguridade mínima de 1,5 metros (esta distancia deberá estar marcada no chan).

Evitarase compartir material como bolígrafos, lapis, carpetas. Para isto, cadaquén terá o seu material diferenciado.

Os servizos contarán con desinfectantes con actividade virucida autorizados e rexistrados polo Ministerio de Sanidad, así como solucións alcohólicas e panos ou toallas que serán desbotados, ao rematar o seu uso, nun cubo con tapa accionada por un pedal.

5.5 Despachos

Impedirase o acceso ás persoas usuarias aos despachos e ás zonas non habilitadas para a súa circulación. Pecharanse ou instalaranse elementos de división. Será obrigatorio o uso da máscara tanto fóra como dentro dos centros, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersoal

Recoméndase ventilar frecuentemente o despacho, se é posible, abrindo as ventás. Recoméndase non ter alfombras.

Nos despachos compartidos, deberase respectar a distancia de seguridade de 1,5 metros sempre que non dispoñan de barreiras tales como paneis dunha altura mínima de 2 metros. No caso de non ser posible, eliminar algúns dos postos, será obrigatorio o uso de máscara. Teranse en conta as persoas ás que non se lle aplica a obrigatoriedade do uso da máscara indicados no punto 3 Principios básicos para a prevención da transmisión. No caso de que se comparta mesa, o profesorado unha vez finalice o seu traballo deberá desinfectar a mesa e o material que utilice con unha sustancia virucida.

Nos despachos do profesorado, en relación coas titorías, evitarase na medida do posible, a afluencia de estudantes nas salas ou despachos de pequeno volume. Realízase, na medida do posible, a atención ao alumnado, mediante ferramentas informáticas e a Internet, evitando a atención directa no despacho. En xeral, o profesorado favorecerá as titorías *online* ou por correo electrónico. De non ser posible, tanto o profesor ou profesora coma o ou a estudante, utilizarán máscara e manterán se é posible, unha distancia de 1,5 metros.

O persoal que ocupa o despacho facilitará o traballo ao persoal de limpeza ao abandonar este, despexándoo o máximo posible.

5.6 Salóns de actos e salas de reunións

As reunións do persoal PDI ou PAS realizaranse preferentemente mediante métodos non presenciais, sempre que sexa posible. No caso de non serlo, deberán establecerse as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersoal ou, na súa falta, a utilización de medidas alternativas de protección física. O uso de máscara será obrigatorio, aínda que se manteña a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros. Teranse en conta as persoas ás que non se lle aplica a obrigatoriedade do uso da máscara indicados no punto 3 Principios básicos para a prevención da transmisión. Estas persoas non deberan estar de forma presencial na reunión ou acto.

Gardarase a distancia de seguridade como mínimo de 1,5 metros entre as persoas asistentes. Sinalizaranse aqueles asentos que se poidan utilizar.

Na entrada dos salóns de actos e das salas de reunións sinalizarase o aforo máximo COVID. Tamén se sinalizarán mediante cartaces as medidas hixiene e prevención fronte ao COVID-19 que deben observarse durante a actividade e velarase polo seu cumprimento. No caso dos salóns de actos a ocupación non superará o 75% do aforo permitido, cun límite máximo de trescentas persoas. No caso de que se utilizase como aula teranse en conta as indicacións do apartado 5.2.1. Aulas.

Evitarase, na medida do posible, o paso de persoas entre filas para respectar a distancia de seguridade.

A entrada e saída farase gradual. A apertura das portas realizarase con antelación suficiente para evitar aglomeracións. De existir pausas intermedias, estas deberán ter a duración suficiente para que a saída e a entrada durante o descanso sexa gradual.

Estará prohibido deixar obxectos no salón de actos ao rematar o acto ou na sala despois de cada reunión.

Se é posible, deixaranse as portas abertas durante o seu uso.

Deberase garantir a limpeza e desinfección antes e despois da súa utilización, así como a ventilación. Ventilarse como mínimo durante uns 15 minutos entre o remate e o comezo de outro acto ou reunión.

Contarán con solucións alcohólicas.

5.7 Salas ou zonas de descanso

Establecerose as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersoal. O uso da máscara será obrigatorio, aínda que se poida garantir a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros. Só se poderá quitar a máscara para comer ou beber.

Gardarase a distancia de seguridade como mínimo de 1,5 metros entre as persoas asistentes. Sinalizaranse aqueles asentos que se poidan utilizar.

Non se compartirán comidas, bebidas, vasos, botellas nin cubertos.

Estará prohibido deixar obxectos enriba das mesas.

No caso de que se utilicen equipos comúns coma fornos, microondas, neveiras, etc., limpanse pomos e mandos antes e despois de cada uso.

Lavaranse as mans ao chegar e ao saír ou no seu defecto utilizaranse solucións alcohólicas.

Limparse a mesa antes e despois de cada uso.

Deberase garantir a limpeza e desinfección así como a ventilación. Manter as portas abertas e ventilar a sala como mínimo durante 15 minutos despois das quendas de comida.

Contarán con solucións alcohólicas para a desinfección das mans, con limpadores e desinfectantes de superficies e con panos ou papeis que serán desbotados, ao rematar o seu uso, nun cubo con tapa accionada por un pedal.

5.8 Conserxarías

No interior da conserxaría, respectarase a distancia de seguridade mínima de 1,5 metros entre o persoal. No centro existe unha única conserxa, na que se colocou unha mampara para atención ás persoas usuarias.

Deberanse establecer as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersoal. O uso da máscara será obrigatorio, aínda que se poida garantir a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros. Teranse en conta as persoas ás que non se lle aplica a obrigatoriedade do uso da máscara indicados no punto 3 Principios básicos para a prevención da transmisión.

A atención á persoa usuaria farase sempre a través da pantalla ou barreira colocada no mostrador ou no seu defecto gardando a distancia de seguridade, mínima de 1,5 metros (esta distancia deberá estar marcada no chan).

Impedirase o acceso ás persoas usuarias ao interior da conserxaría

Na recepción e entrega de paquetes de grandes dimensións ou na manipulación de mobiliario nas que estean implicadas máis dunha persoa e non se poida gardar a distancia de seguridade, será obrigatorio o uso de máscara.

Habilitarase unha caixa para que as persoas usuarias depositen o material prestado evitando así o contacto físico. Desinfectarase todo o material antes do seu almacenamento. O material que polas súas características non permita a desinfección, introducirase nunha bolsa de plástico ou nunha caixa e colocarse en espazos estanco habilitados para almacenar o devandito material polo menos durante 3 días. Estes espazos de corentena deberán estar afastados das zonas de tránsito e de traballo, e para acceder a eles é recomendable que non sexa necesario o uso dos ascensores.

5.9 Instalacións deportivas e pavillóns universitarios

Asegurarase o cumprimento nas instalacións deportivas das normas de aforo, desinfección, prevención e acondicionamento, así como as medidas necesarias para garantir unha distancia interpersoal mínima de 1,5 metros, así como o debido control para evitar as aglomeracións. Cando non sexa posible manter a distancia de seguridade, observaranse as medidas de hixiene adecuadas para previr os riscos de contaxio.

Nos pavillóns universitarios atenderase ás persoas usuarias sempre a través da pantalla ou barreira ou no seu defecto gardarase a distancia de seguridade, mínima de 1,5 metros (esta distancia deberá estar marcada no chan). Impedirase o acceso ás persoas usuarias ao interior da conserxaría e dos despachos.

Para evitar aglomeracións estableceranse quendas horarias fóra das cales non se pode permanecer nas instalacións.

Deberanse establecer as medidas necesarias para manter a distancia de seguridade interpersoal. O uso da máscara será obrigatorio tanto en espazos ao aire libre coma cando se estea en espazos pechados, aínda que se poida garantir a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros

A máscara non será esixible cando, pola propia natureza das actividades, o seu uso resulte incompatible.

O profesorado deberán manter a distancia de seguridade interpersoal nas instalacións, se non é posible será obrigatorio o uso de máscara. Teranse en conta as persoas ás que non se lle aplica a obrigatoriedade do uso da máscara indicados no apartado de Medidas de prevención da transmisión. Nas instalacións poderá realizarse actividade deportiva en grupos de ata vinte e cinco persoas, sen contacto físico, e sempre que non se superen os dous terzos do aforo máximo permitido.

Non se compartirá ningún material e, se isto non fose posible, disporase de dispensadores de solución alcohólica para a desinfección das mans, de limpadores e desinfectantes de superficies e de panos ou papeis que serán desbotados, ao rematar o seu uso, nun cubo con tapa accionada por un pedal.

No momento en que se habilite o servizo de préstamo de material, aquel que polas súas características non permita a desinfección, introducirase nunha bolsa de plástico ou nunha caixa e colocarse en espazos estancos habilitados para almacenar o devandito material polo menos durante 3 días. Estes espazos de corentena deberán estar afastados das zonas de tránsito e de traballo, e para acceder a eles é recomendable que non sexa necesario o uso dos ascensores.

As persoas usuarias no poderán compartir alimentos, bebidas nin similares.

As bolsas, mochilas ou efectos persoais deixarase nos espazos habilitados para ese fin.

Antes de entrar e ao saír, lavarase as mans con auga e xabón, como mínimo durante 40 segundos ou se utilizarán solucións alcohólicas, pero hase ter en conta que cando as mans teñen sucidade visible, as solucións alcohólicas non son suficientes polo que é necesario usar auga e xabón.

Nas instalacións cubertas, as portas deberán permanecer abertas evitando así o contacto cos pomos. Como norma xeral seguirase minimizando no posible o uso do ximnasio e potenciarase o adestramento físico ao aire libre.

Na entrada ás instalacións, nos aseos e vestiarios, estarán dispoñibles cartaces informativos sobre a distancia interpersonal de seguridade, hixiene das mans e hixiene respiratoria.

Reforzase a limpeza, utilizaranse desinfectantes como dilucións de lixivia (1:50) recentemente preparada ou calquera desinfectante con actividade virucida autorizado polo Ministerio de Sanidad.

5.10 Xestión do correo e da paquetería. Medios de transporte propiedade da universidade

As persoas usuarias que veñan recoller ou devolver un vehículo atenderanse sempre a través da pantalla ou barreira colocada no mostrador ou no seu defecto gardarase a distancia de seguridade mínima de 1,5 metros (esta distancia deberá estar marcada no chan).

Impedirase o acceso ás persoas usuarias ao interior da oficina do garaxe, pechando a porta ou poñendo barreiras.

Deberanse establecer as medidas necesarias para procurar manter a distancia de seguridade interpersonal. O uso da máscara será obrigatorio dentro e fóra dos centros, aínda que se poida garantir a distancia de seguridade interpersonal de 1,5 metros. Teranse en conta as persoas ás que non se lle aplica a obrigatoriedade do uso da máscara indicados no punto 3 Principios básicos para a prevención da transmisión.

Tanto na recepción coma no reparto do correo e paquetería utilizaranse luvas que se desbotarán unha vez que remate a manipulación, sempre que non sexan reutilizables; neste caso, ao rematar desinfectarase e lavarase as mans con auga e xabón durante polo menos 40 segundos.

Organizarase co persoal de conserxería o lugar onde se depositará o correo e a paquetería evitando así, no posible, o contacto con outras persoas.

Nas furgonetas utilizadas para o correo, as persoas ocupantes estarán obrigadas a utilizar a máscara e a gardar a máxima distancia posible. As máscaras non levaran válvula, xa que nestas o aire é exhalado directamente ao ambiente sen ningún tipo de retención.

Na utilización dos medios de transporte da Universidade, tanto pola parte do persoal da Unidade de Transporte e Distribución coma das persoas responsables en réxime de préstamo, seguiranse as seguintes indicacións:

- Será de uso obrigatorio a máscara para as persoas usuarias e para quen conduza. Estará sinalizado no vehículo. Nos vehículos disporase dalgunha máscara por se algunha persoa usuaria se presentara sen ela.
- Antes e despois da súa utilización, desinfectaranse aquelas superficies coas que o persoal puidera entrar en contacto, coma os asentos, os pomos das portas, o volante, a panca do cambio de marchas, etc.. Realizarase con frecuencia unha limpeza polo exterior dos vehículos.
- No interior, procurarase non sacar o móbil nin calquera outro obxecto innecesario para evitar contaminalo.
- Tanto nos autobuses coma nos vehículos de ata nove prazas, incluído o condutor, poderán desprazarse tantas persoas como prazas teña o vehículo.
- Nas embarcacións limitarase o número de persoas usuarias (persoal investigador/persoal técnico) de forma que se poida garantir a distancia de seguridade. Será obrigatorio o uso de máscara.
- De ser posible, nos medios de transporte, disporase de dispensadores de solución alcohólica para a desinfección das mans, de limpadores e desinfectantes de superficies e de panos ou papeis que serán desbotados, ao rematar o seu uso, nun cubo con tapa accionada por un pedal.
- O condutor ou condutora velará polo cumprimento das normas.
- Ao principio e ao final da viaxe, lavar as mans con auga e xabón tan pronto coma se poida, como mínimo durante 40 segundos, ou no seu defecto utilizar solución alcohólica. Terase en conta que cando as mans teñen sucidade visible, as solucións alcohólicas non son suficientes polo que é necesario usar auga e xabón.

5.11 Prácticas de campo ou mostraxe (saídas para recollida de mostras)

Deberanse establecer as medidas necesarias para manter a distancia de seguridade interpersoal. O uso da máscara será obrigatorio, aínda que se poida garantir a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros. Utilizaranse máscaras sen válvula, xa que nas máscaras con válvula o aire é exhalado directamente ao ambiente sen ningún tipo de retención. Teranse en conta as persoas ás que non se lle aplica a obrigatoriedade do uso da máscara indicados no punto 3 Principios básicos para a prevención da transmisión.

Se fose necesario compartir material, este desinfectarase ao rematar o seu uso.

É necesario dispoñer de solucións alcohólicas e panos o toallas que se poidan desbotar.

En canto á utilización de autobuses ou de vehículos de ata nove prazas, tanto da Universidade como de empresas externas para a realización das prácticas de campo, respectárense as instrucións do condutor así como as seguintes indicacións:

- Uso obrigatorio de máscara para as persoas usuarias e para o condutor. Teranse en conta as persoas ás que non se lle aplica a obrigatoriedade do uso da máscara indicados no apartado de Medidas de prevención da transmisión.
- No interior dos vehículos, procurar non sacar o móbil nin calquera outro obxecto innecesario para evitar contaminalo.
- Procurar tocar o menos posible as portas, as xanelas, os asentos, etc.
- Ao principio e ao final da viaxe, lavar as mans con auga e xabón tan pronto poidamos.

5.12 Congressos, conferencias, encontros

A celebración de congresos, encontros, conferencias e eventos, no ámbito da investigación científica e técnica, o desenvolvemento e a innovación, realizaranse segundo a lexislación vixente.

Permitirase a realización de congresos, conferencias, encontros e actos similares sen superar o setenta e cinco por cento do aforo permitido do lugar da celebración e cun límite máximo de trescentas persoas sentadas para lugares pechados e de mil persoas sentadas tratándose de actividades ao aire libre. En todo momento, deberá cumprirse a obriga da distancia esixida de 1,5 metros, deberá fomentarse a participación non presencial de aquelas persoas que poidan prestar a súa actividade a distancia.

5.13 Prácticas académicas externas, intercambios internacionais

Durante a realización de prácticas académicas externas seguiranse as medidas de prevención establecidas polas entidades colaboradoras, tales como empresas, institucións e entidades públicas e privadas.

Os intercambios internacionais realizaranse segundo a lexislación vixente.

5.14 Limpeza e desinfección

A empresa adxudicataria da limpeza do centro realizará un protocolo de actuación que contemple as medidas indicadas na normativa vixente de aplicación. Deberá entregar unha copia á persoa responsable do centro que o incluíra no plan de prevención e control sanitario fronte á COVID-19 para o curso 2020-2021 no centro.

O Servizo de Prevención de Riscos redactou o documento "Protocolo de limpeza nos centros da Universidade de Vigo" coas indicacións normativas que deberanse aplicar en todos os centros en cuanto á limpeza e desinfección dos mesmos. Dito protocolo tomarase como referencia pola empresa adxudicataria da limpeza do centro.

Reforzase a limpeza e desinfección dos centros en función das características e usos dos mesmos. Empregaranse sempre procedementos e produtos recomendados polas autoridades sanitarias, entre os que non se encontra o ozono. Non se avaliou o uso de lámpadas UV para desinfección de superficies.

5.15 Ventilación

Realizase de forma natural mediante a apertura de portas e fiestras polo menos 15 minutos, sempre que sexa posible, varias veces ao día, ao iniciarse e ao finalizar a actividade do centro, mesmo aínda que haxa ventilación mecánica. Naqueles espazos de traballo nos que non existan fiestras procurarase manter a porta aberta. Demostrouse co risco de contaxio por vía aérea no interior dos edificios é máis elevado cando existe pouca ventilación.

Unha mellora na ventilación fará un edificio mais seguro, aínda que podería non alcanzar as condicións óptimas de confort ademais de aumentar o consumo enerxético.

En interiores asegurar unha humidade relativa entre 30% e 70%.

Evitar a recirculación do aire e reforzar a limpeza dos filtros de aire. No caso de ter sistemas de climatización evitárase na medida do posible a recirculación do aire nas UTAs. Traballarase co 100% de aire exterior.

Cando sexa posible, os sistemas descentralizados como as unidades de fan-coil ou os pequenos equipos autónomos que utilizan a recirculación local, deberán apagarse para evitar a propagación do virus que estivera en partículas en suspensión. Este tipo de unidades, xeralmente, ten filtros grosos que no reteñen partículas con carga viral.

5.16 Coordinación de actividades empresariais

Asegurarase o intercambio de información coas empresas da distancia de seguridade e dos procedementos de hixiene e prevención necesarios para evitar o risco de contaxio.

Na biblioteca da aplicación E-Coordina atopase o “Protocolo de seguridade fronte ao COVID-19. Orientacións preventivas: Persoal de empresas externas alleas á Universidade de Vigo”.

6.- Medidas de implementación dos criterios de prevención na Universidade de Vigo. Escenario 2: Peche de algún centro ou confinamento

Seguiranse as indicacións que no seu momento marquen os organismos competentes.

7.-Referencias normativas e bibliográficas

- Buenas prácticas en los centros de trabajo. Medidas para la prevención de contagios del COVID-19. Ministerio de Sanidad.
- Real decreto-lei 21/2020 do 9 de xuño de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crisis sanitaria ocasionada pola COVID-19.
- Recomendaciones del Ministerio de Universidades a la comunidad universitaria para adaptar el curso universitario 2020/2021 a una presencialidad adaptada. 10 de junio de 2020.
- RESOLUCIÓN do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se da publicidade do Acordo do Consello da Xunta, de 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crisis sanitaria ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, e as súas modificacións.
- Recomendacións de operación y mantenimiento de los sistemas de climatización y ventilación de edificios y locales para la prevención de la propagación del SARS-Cov-2. Coordinada por los Ministerios de Sanidad, Transición Ecológica y Reto Demográfico y el Instituto para la Diversificación y Ahorro de la Energía. 22 de junio de 2020.
- Resolución de 25 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se lle da publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galiza de 25 de xuño de 2020, polo que introdúcese determinadas modificacións nas medidas de prevención previstas no Acordo de 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crisis sanitaria

ocasionada pola COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a nova normalidade.

- Guía de recomendacións para unha universidade segura. Dirección Xeral de Saúde Pública.
- Instrucións do 30 de xuño de 2020 da Secretaría Xeral de Universidades de previsión de medidas de adaptación das universidades do Sistema universitario de Galicia para o curso 2020/2021.
- Guía de recomendacións preventivas de saúde laboral ante o coronavirus. Xunta de Galicia. 2 de xullo de 2020.
- Procedimiento de actuación para los servicios de prevención de riesgos laborales frente a la exposición al SARS-CoV-2 de 6 de julio de 2020.
- Resolución do 17 de xullo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 17 de xullo de 2020, polo que se introducen determinadas modificacións nas medidas de prevención previstas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade.
-